EXERCICIOS E ACTIVIDADES DA SECCIÓN 9ª

Como exercicio para esta sección propóñense 3 textos breves para identificar e aplicar os conceptos estudados anteriormente.

1. Este primeiro texto trata das formas antiga e moderna de lexitimar o poder político. Despois de lelo con atención, responde as preguntas sobre o tema:

> "Nas sociedades políticas pre-estatais pártese do suposto de que o home é un ser sociable por natureza, que ten necesariamente que vivir en sociedade e, en consecuencia, considérase á comunidade como algo evidente que se explica por si mesma. O coñecemento das formas políticas pre-estatais so require, polo tanto, o exame desa realidade natural, a análise das partes das que se compón; e a única finalidade desta análise ten que ser a investigación da forma óptima na que se ha de organizar a comunidade. O problema nas formas de organización política pre-estatais non é nunca o de explicar e xustificar a existencia do poder político, senón máis ben o de cómo se ha de organizar dito poder: se é mellor que goberne un, varios, ou todos, cómo se pasa dunha forma de goberno a outra, etc. O carácter natural, evidente, da comunidade política nunca se pon en dúbida. O todo construído por dita comunidade é unha realidade indiscutible." (**J. Pérez Royo**, *Introdución á teoría do Estado*.)

a) Por que di o autor que *o problema nas formas de organización política pre-estatais non é nunca o de explicar e xustificar a existencia do poder político?*

b) Por que, sen embargo, este problema vai constituír o eixe central da teoría política moderna?

2. O seguinte texto fai referencia á "sociedade civil" e as diferentes concepcións da mesma. Deberás lelo e responder as cuestións propostas despois:

> "A expresión "sociedade civil" naceu da contraposición, descoñecida para a tradición, entre unha esfera política e unha esfera non-política; polo tanto é máis fácil atopar unha definición negativa da mesma que unha positiva: a sociedade civil é o conxunto das relacións non reguladas polo Estado e, polo tanto, todo o que sobra unha vez que se delimitou ben o ámbito do poder estatal. Pero nesta noción tan vaga pódense distinguir diferentes acepcións, segundo predomine a identificación do non-estatal co "pre-estatal", co "anti-estatal" ou co "post-estatal" (...) Unha situación na que a sociedade civil sexa absorbida completamente polo Estado convértese na práctica nun Estado totalitario." (**N. Bobbio**, *Estado, goberno e sociedade*.)

a) Como define o autor a sociedade civil?

b) En que consiste un Estado totalitario, segundo Bobbio?

3. Este último texto do filósofo alemán contemporáneo, J. Habermas, enfróntanos con algún dos problemas da globalización. Responde á cuestión que se formula, trala súa lectura.

> "As diferentes tendencias á globalización... enfróntanos con problemas que xa non se poden solucionar dentro do marco do Estado nacional. A perda de soberanía do Estado nacional seguirá aumentando e, polo tanto, resulta imprescindible proseguir a ampliación da acción política a nivel supranacional. A globalización, por outra parte, representa unha ameaza para a fráxil cohesión social das sociedades nacionais... A forma de organización que representa o Estado nacional foi a resposta da Idade Moderna europea ante o reto de lograr unha forma eficaz de integración social. Se queremos emprender o camiño cara ás sociedades post-nacionais, precisamos hoxe seguir o modelo levado a cabo polo Estado nacional no que á integración social se refire. De non ser así xurdirían só novas organizacións pero o Estado de dereito e a democracia quedarían afogadas." (**J. Habermas**, *Más alá do Estado nacional*)

a) Por que *resulta imprescindible proseguir a ampliación política a nivel supranacional*, segundo Habermas?

Solucións:

1. a) Porque neses contextos históricos a orde social era vista como un produto natural, anterior á vontade dos homes, e polo tanto non era necesario xustificala e fundala

   b) Porque a consideración de todos os homes como cidadáns libres, iguais e señores de si mesmos deixa á comunidade sen base natural para o reparto de papeis sociais. A orde social terá que ser decidida voluntariamente e por acordo mutuo.

2. a) A sociedade civil é a esfera na que non intervén o poder político do Estado.

   b) Consiste nun Estado que estende a súa intervención a todas as esferas da sociedade, sen deixar ningún espazo para a sociedade civil.

3. a) Porque hoxe en día a globalización económica e dos mercados dificultan a acción de protección e integración social dos Estados.